

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2019-20

PLAN COMUNITARIO DE TEIS

R/COUTADAS 59 36207 TEIS-VIGO

www.planteis.org

ORDE do 16 de setembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, que incorporafondos procedentes do tramo autonómico da asignación tributaria do 0,7 %do IRPF destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención na Comunidade Autónoma de Galicia

PROXECTO DE PREVENCIÓN EN DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS (Xullo 2019-xuño 2020)

INTRODUCCIÓN:

A cidade de Vigo e, por extensión o barrio de Teis, sufriu uns cambios sociodemográficos moi profundos na década dos 70, onde o desenvolvemento industrial provocou o crecemento acelerado da cidade e do barrio. Precisábanse dotacións empresariais e servizos que pudesen atender á nova poboación que estaba a chegar. Foi así como Teis foise integrando na cidade, ata que, durante os anos oitenta, a reconversión industrial desembocou nunha drástica crise, conformando, particularmente en Teis, unha nova realidade socio-económica e urbanísticamente máis deteriorada (abandono de fábricas, deterioro do entorno...).

A parroquia San Salvador de Teis sufriu (e segue a sofrer) unha desestruturación brutal e continúa -pola súa situación estratéxica na cidade-, deixando de ser unha unidade territorial uniforme; fragmentándose e dividíndose nas 6 parroquias que actualmente ten.

Recibiu moitísima poboación foránea, incrementado o seu número de habitantes nun curto período de tempo. Para dar cabida a toda esa poboación, xenerouse un desenvolvemento urbanístico acelerado e desordeado. Todo este desenvolvemento urbanístico leva consigo unha sobreesaturación de infraestruturas nun espazo físico moi reducido (rede viaria da cidade, 2 liñas férreas, 1 autoestrada, cables de alta tensión, nun espazo de 5,8 Km²), coa particularidade de que o trazado de estas infraestruturas realiza unha participación horizontal do barrio, marcando artificialmente as zonas: zona de asentamentos tradicionais e zona urbana. Entre unha e a outra zona non existe transversalidade algunha.

Nestas circunstancias urbanísticas danse as condicións para a proliferación de espazos ou “micropuntos” segregadores onde converxe un gran número de poboación vulnerable e/ou socialmente marxinada, moita dela con problemas derivados do consumo de sustancias.


Teis conta cunhas características sociodemográficas de: **Desarraigo** motivado pola procedencia do rural, de barrios tradicionais da cidade e doutras nacionalidades. **Poboación nova**, e con **baixo índice de ocupación**. É común o **baixo nivel cultural**. A cualificación profesional é escasa, **maioritariamente operarios, fundamentalmente do sector industrial portuario e servizos**.

Estas situacións inciden directamente nos **factores de risco** que se interrelacionan coas diversas características persoais, familiares, escolares; coas formas de relación cos iguais, os hábitos de ocio ou as influencias culturais e macrosociais:

O Plan Comunitario de Teis pertence a **Área Sanitaria de Vigo** que consta como **1ª** na Taboa de priorización segundo o Índice de Risco Epidemiolóxico (**IRE**), polo que se considera a de maior índice de Risco en consumo de drogas, cunha calificación de **12** puntos de Índice de Risco Absoluto de Prioridade.

Todo o exposto xustifica a implementación dos programas preventivos que se desenvolven de maneira continuada desde a Entidade nos diferentes ámbitos de actuación.

GRUPO DE INTERESE DO PROXECTO DE PREVENCIÓN EN DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS DE TEIS



PROGRAMAS NO ÁMBITO ESCOLAR:

- Programa de prevención universal, **Saúde na Escola**: “Obradoiros de educación en saúde e hábitos de vida saudable” e “Obradoiro socioeducativo nas aulas a través da natureza”.
- Programa de prevención selectiva, **Non pasa nada. ¿Pasa algo?**
- Programa de **prevención consumo cannabis**

Poboación obxectivo:

Poboación final: alumnado de primaria, ESO/FP básica e Bacharelato dos centros educativos do barrio: 6.792 alumnxs (aprox.)

PARTICIPANTES DIRECTOS REAIS:




Gráfico 1

Actividades realizadas




Gráfico 2




Gráfico 3

O grao de participación dos centros foi ALTO (3 de 4). O grao de satisfacción dxs profesionais implicadxs foi ALTO e o grao de satisfacción da poboación participante, MEDIO-ALTO ao igual que a adquisición de contidos impartidos e/ou traballado nos diferentes obradoiros.

PROGRAMAS NO ÁMBITO FAMILIAR:

- Programa de prevención universal, **Máis que un teito**: “faladoiros de familia”,
- Programa de prevención selectiva **En familia, todos/as contan**: “asesoramento e orientación socioeducativa á familia”
- programa de prevención indicada **“Entre todos/as”**;

Poboación obxectivo:

Programa dirixido as nais e pais e/ou familias do alumnado dos centros educativos do barrio de Teis: 4.280 familias (nais/pais) aprox.

PARTICIPANTES DIRECTOS REAIS




Gráfico 4

FAM/ANPAS/C. EDUCATIVOS




Gráfico 5

No programa “En familia todxs contan” Malia que, en principio, a interrupción das actividades por mor do estado de alarma, plantexaron un serio obstáculo no desenvolvemento do proxecto preventivo; no caso dos programas familiares convertíuse nunha oportunidade. No contacto telefónico (case diario nalgúns dos casos) pudéronse realizar intervencións individualizadas (unha vez xerada a confianza necesaria) traballando cuestións relativas as dinámicas, rutinas, horarios, hábitos e estilos de vida familiares, cara a poder asesorar/orientar/acompañar a aprendizaxe das ferramenta de afrontamento necesarias para as situación de crise que se podían estar a producir nos fogares das familias participantes e contibuíndo a unha mellor estruturación das relacións familiares

A máis de introducíuse no tándem de traballo, á equipa docente de cada un/unha dxx menores desas familias, o que permitiu atallar situacións de stress cuxa resolución favorable, motivou a continuidade das intervencións. Xa que a situación de partida ao inicio das intervencións familiares (escaseza de habilidades sociais, baixa autoestima, negativo autoconceito,...) era común a todxx xs membros da unidade familiar. Cando se produciu, coa intervención, un cambio de rutinas e hábitos que provocaron un maior benestar individual, despertouse, nas personas destinatarias e en todas aquelas que conforman a unidade familiar, a motivación necesaria para acompañar o proceso de mellora. Intervindo intensivamente na melloría da súa autoestima e autoconceito, conseguíuse relaxar o clima convivencial, favorecendo a resolución de

conflitos e xerando un clima de maior confianza e mellores expectativas de futuro. Isto proxéctase na súa contorna familiar, sentíndose todxs mais capaces e motivadxs para traballar na súa propia evolución individual e familiar. Isto pódese trasladar ao ámbito educativo e relacional.

Do mesmo xeito, no programa “Entre todxs”, en principio a interrupción das actividades por mor da Covid-19, plantexaron un serio obstáculo no desenvolvemento do proxecto preventivo; no caso dos programas familiares convertíuse nunha oportunidade. No contacto telefónico (case diario nalgúns dos casos), por whatsapp, e instagram poderonse realizar accións/intervencións individualizadas que non se poderon realizar desde outros dispositivos. A confianza xerada neste contacto continuo (pode que por inesperado) permitiunos poder traballar habilidades educativas e de xestión familiar ao tempo que se acompañaba o proceso de aprendizaxe de habilidades para a comunicación cxs menores e para a supervisión parental, sobre todo, neste período, do abuso de internet e videoxogos; lembrándolles a importancia do establecemento de límites, normas e responsabilidades entre xs membrxs da familia, aumentando a súa escasa capacidade de negociación e para a resolución de conflitos. En 3 dos casos conseguíuse modificar as súas actitudes fronte ás TIC e determinados patróns de uso da internet e as redes sociais.

O contacto continuado e ininterrumpido tanto con familiares coma con adolescente permitiulle establecer estratexias para favorecer o control emocional e manexo da tensión. Ao tempo que se promocionaron estratexias de protección e control, encamiñadas ao establecemento de normas regulando o uso da internet e as redes sociais no fogar, propñendo a imposición de límites horarios e/ou temporais e a supervisión da actividade de fillas e fillos na internet e as redes sociais.

Para concluir, subliñar a importancia que cobrou o contacto cxs profesionais de referencia no ámbito educativo, social e sanitario para intercambiar información e establecer estratexias común de actuación en momento de crise.

PROGRAMA NO ÁMBITO XUVENIL E DE OCIO:

Activa: “Actívate xogando”.

Poboación obxectivo:

Poboación final: mozos e mozas de idades comprendidas entre os 6 e os 29 anos. O noso programa abrangue 2 franxas de idade: nenas e nenos de 6 a 12 anos (“Actívate xogando”) e de 13 a 29 anos (“Actívate colaborando”) que viven e/ou estudian no barrio e que pertencen a familias desestruturadas e/ou con problemas derivados da adicción a substancias: 7.400 nenas e nenos/mozos e mozas de 6 a 29 anos (aprox).

Poboación mediadora: o programa “Activa” desenvólvese a través da participación indispensable de axentes mediadorxs “comité interanpas” coma mediadorxs sociais (175) que asumirán o liderado da maior parte das actividades.




Gráfico 6

Este é un programa que se foi afianzando co tempo e que mobiliza a un número significativo de familias, centros educativos, ANPAS, profesionais e mediadorxs e que vai sumando cada vez novas persoas e reursos que se implican en ofertar actividades alternativas cara a promocionar un ocio saudable e que se convirten en mediadorxs naturais dentro da propia estrutura sociocomunitaria do barrio.

A metodoloxía Comunitaria (segundo os criterios metodolóxicos de globalidade e integralidade que deben ter todas as actuacións) permite a transversalidade deste programa con outros realizados polo Plan Comunitario, dentro do proxecto de prevención de condutas adictivas; máis aínda, confírelle forza e sentido xa que permite o establecemento dun espazo de xogo e interacción social, creando ambientes de participación e diversión alternativos durante todo o tempo que están abertos o resto dos programas (“En familia todxs contan”, “Entre todxs”, “Non pasa nada. Pasa Algo?” “Facendo Barrio”).

Tentáronse modificar e/ou intervir sobre variables que teñen que ver coas condutas de consumo, a percepción do risco e as expectativas ou intencións de consumo futuras, ao tempo que se educou no tempo libre e de ocio ofertando variedade de alternativas lúdicas que pudesen ser do seu interese.

- **Dinámicas, obradoiros e xogos grupais:**

As dinámicas estiveron relacionadas co establecemento de normas e límites, adquisición de hábitos e fomento do traballo grupal, cara a facilitar a cohesión do grupo, evitar a conflitividade e a fomentar a solidariedade e a cooperación. A finalidade que se perseguíu foi incrementar as habilidades de resistencia, reducir a intención de consumo de drogas no futuro e diminuír a manifestación de condutas adictivas.

- **Asistencia a partidos de fútbol:**

Como actividade de cohesión sociofamiliar e favorecedora da promoción de actividades conxuntas e supervisadas, este ano ofrecéronse entradas por unidade familiar para que pudesen asistir aos partidos nos que o R.C.CELTA xogou coma equipa local no estadio municipal de Balaídos (a través da Fundación R.C.CELTA).

- **Sesións de baile:**

Outra das novidades desta edición, foi a realización de sesións de baile, 1 hora- 1 día a semana co fin de facilitar e promover a comunicación, ás relacións e a aprendizaxe, a través do baile ao tempo que se promove o exercicio físico e o ocio saudable . Tratouse de incrementar as habilidades de resistencia.

- **Alternativas de ocio para o periodo vacacional:**
A coordinación continua con outros recursos municipais posibilita alternativas de actividades de ocio saudable para o periodo vacacional. Este ano conseguiu-se a confirmación de prazas gratuítas para 9 nenxs ao campamento de “verán náutico na ETEA” (quenda 29 xullo-09 agosto) no que se desenvolven actividades deportivas; a 2 nenas nas actividades de lecer no Centro Cívico de Teis (para os meses de xullo e agosto) no que se desenvolven obradoiros, xogos e apoio escolar.
- **Olimpiadas Interánpicas:**
Actividade comunitaria que xurde dentro do traballo do Comité InterAnpas. Atende aos obxectivos de fomentar o sentido da corresponsabilide no seu desenvolvemento persoal e relacional e favorecer a implicación e participación da poboación xuvenil en actividades de ocio saudables ao tempo que se crea un espazo de diversión e de cooperación e participación das Anpas coma mediadorxs naturais
Este ano, non se poido realizar, finalmente a pesares de estar xa totalmente organizada, e de ter as inscricións case cubertas (210 nenxs a día 13 de marzo).

PROGRAMA NO ÁMBITO DA DIVULGACIÓN:

- **Información- sensibilización.**

Poboación obxectivo:

Programa dirixido á poboación xeral (298.300 en Vigo -case o 10% no noso barrio-) e en xeral a toda a sociedade que faga uso da nosa páxina en diferentes ámbitos e sectores poboacionais

A información sensibilización chegou a un total de 8.439 persoas directas:

A través das redes o total de entradas, unha vez desbotadas aquelas que teñen que ver co mantemento e actualización de contidos é de:

.- Páxina Web:

- .-Páxina inial (o 92,7% son novxs usuarixs) na que aparece (ademáis da difusión das actividades propias da entidade) información e difusión sobre a carteira servizos de prevención da Consellaría de Sanidade e actividades dentro do PLSDA do Concello de Vigo.
- .- Entradas directas ao proxecto de Prevención de drogodependencias e condutas adictivas ou a algúns dos programas incluídos no proxecto: Escolas de nais e Pais, Saúde na escola, Comisións, Comités, Ocio alternativo, Obradoiros de Natureza...
- .- Diagnose/territorio/actividades preventivas.

.- Facebook, Chío e Instagram:

- .- 3.654-211 e 580 respectivamente




Gráfico 7

En primeiro lugar subliñar, que hai que ter en conta que durante os meses de marzo a xuño o interese nas redes centrouse en todo o que tiña que ver coa pandemia, polo o resto dos contidos pasaron a un segundo plano. A máis da situación de confinamento que impediu interaccións coa poboación xeral que se realizou noutros escenarios poucos propicios cara a difusión de dos programas preventivos de cariz comunitario.

Pese a todo a información difusión a través das redes está a dar uns resultados moi satisfactorios (se se fixera un prorrateo dos datos, en caso de que non se der a situación de alarma os datos poderían aumentar ata as 19.000 persoas ás que se achegara información) . As persoas que visitan a nosa páxina web teñen moi claras as súas demandas cara a coñecer o proxecto e programas que desenvolvemos, permanecendo un tempo suficiente na páxina para poder afondar nos seus intereses.

O facebook e o Instagram permitíronnos interactuar coas persoas destinatarias de maneira casi inmediata e actuaron, tamén como instrumento de valoración sobre o impacto/satisfacción das diferentes actividades realizadas, que foi moi satisfactorio, superando en en algún caso as expectativas iniciais (ver actividades programa “Activa”).

O chíó tivo menos interaccións, aínda así imos mellorando a maneira de comunicarmos nel, aumentando as interaccións.

PROGRAMA DE ÁMBITO COMUNITARIO:

Programa de prevención estrutural e ambiental “**Facendo barrio**”:



Realízanse asembleas, xuntanzas, mesas de traballo, visitas de coordinación e seguimento dos programas preventivos e promotoras da dinamización social. A **incorporación** das comisións de traballo na **estrutura organizativa da Entidade** fomenta a coordinación entre entidades e facilita a súa participación nas distintas accións comunitarias.

1. As comisións de traballo: nas que se traballa de maneira transversal e cuxa creación ven marcada polas interrelacións que se viñan dando nas diferentes áreas de intervención do Plan Comunitario de Teis, e que influían - e inflúen- directamente nas condicións de vida da poboación do barrio e nas súas oportunidades de mellora).

- **Comisión de Saúde e Educación..**
- **Comisión de Ocio e Tempo Libre.**
- **Comisión de Urbanismo e Mediambiente.**

2. Os Comités: A complexidade do proceso comunitario, obrigounos, desde o principio, a axilizar e optimizar o traballo coordinado para temas concretos sobre os que se requiría afondar e precisaban dunha maior adicación; precisouse da formación de comités específicos e representativos das colectividades maioritariamente afectadas cara a operativizar a toma de decisións comúns. Os comités permítenos traballar en pequenos equipos dinamizadores e canalizadores de intereses concretos e colectivamente compartidos, o que posibilita unha maior representatividade da colectividade á que representa. Organízanse de forma autónoma contando coa supervisión e o apoio do Plan Comunitario de Teis que é quen os sustenta e da sentido, incorporándoos a súa estrutura organizativa. Cada Comité planifica o seu traballo con obxectivos específicos propios, distribuindo tarefas e responsabilidades entre os seus/súas membros/as. Ademáis de participar nos nosos programas de maneira activa, os comités xeran actividades comunitarias das que participa a poboación xeral e nas que a bldireccionalidade é un valor engadido.

- **Comité interanpas:** grupo específico de traballo para temas de educación e saúde en representación do colectivo de nais e pais de todos os centros educativos do barrio. Neste comité inclúese como unha das súas actividades o antigo programa de **“Formación Mediadores/as Sociais”** para o que se realizarán xuntanzas/sesións formativas e informativas tendentes a:
 - Establecer canles de comunicación e diálogo entre as anpas, a comunidade educativa e a comunidade en xeral.
 - Asesorar, Informar e formar as anpas como axentes de prevención.
 - Potenciar e implicar ás anpas como mediadores/as naturais de prevención e fomento de estilos de vida saudable.
 - Implicar ás ANPAS coma mediadorxs na execución de actividades dentro do programa “Activa”.
- **Comité Técnico:** comité onde os e as profesionais (nominativamente asignados polos seus servizos) puderan traballar os asuntos específicos que lles competían de maneira eficaz e que servira de aval técnico das nosas acción (ver todos os programas).
- **Comité de colectivos:** un grupo de traballo no que se inclúen colectivos veciñais, mediambientais, deportivos, culturais... A súa función é promover melloras estruturais e ambientais no barrio, recuperando espazos públicos nos que veciños e veciñas poidan comunicarse, participar na vida social e, en definitiva, mellorar a súa saúde e a da comunidade (Ver programa “obradoiros socieducativos nas aulas a través da natureza”).

Poboación obxectivo

Programa dirixido á poboación xeral: 27.782 habitantes

RECURSOS PARTICIPANTES REAIS

- RR.SS E SOCIOSANITARIOS
- ANPAS
- CENTROS EDUCATIVOS
- COLECTIVOS/AXENTES SOCIAIS




Gráfico 8

XUNTANZAS REALIZADAS

- COMITÉ TÉCNICO
- COMITÉ DE COLECTIVOS
- COMITÉ INTERANPAS




Gráfico 9

A operatividade das accións e a realización satisfactoria das actividades (algunas incluso durante o estado de alarma) dentro do proxecto estivo directa e estreitamente relacionada cos altos niveis na efectividade da comunicación, coordinación e intercambio mutuo de información, tanto entre os e as integrantes dos comités, coma con aquelxs participantes dos diferentes sectores poboacionais e colectivos. Mantivéronse e cumpríronse os criterios de calidade no proceso de PARTICIPACIÓN e COORDINACIÓN de todos/as os/as axentes implicados/as (profesionais, servizos, recursos, familias, administración...), como garantía de efectividade e eficiencia. Isto

permitíu, que durante todo o tempo que durou a situación de alarma pudesen manterse algún dos programas do proxecto preventivo dunha maneira realmente efectiva e con mellores resultados dos que cabería esperar dadas as circunstancias.

A situación de alarma provocada pola Covid-19 puxo sobre a mesa a tremenda importancia que supón a creación e consolidación de sinerxias que fortalecen o

traballo comunitario e en rede. Quedou comprobado que naqueles programas/actividades nos que se pudo manter a colaboración/coordinación entre institución, recursos e axentes sociais os resultados foron exitosos, fronte a aqueles nos que a coordinación non foi posible e/ou fluida os resultados na consecución de obxectivos foi escasa.

O programa “Facendo barrio” é o eixe sobre o que se sustentan todos os demais programas preventivos xa que permite que tódxs os recursos, colectivos, profesionais e poboación xeral tomen conciencia da importancia de ser participes de maneira proactiva na mellora do barrio para que Teis se convirta nun espazo cada vez máis saudable, nun “barrio educador e preventivo” no que tódxs formamos parte do proceso de mellora.

Como exemplo todas as actividades que se desenvolveron dentro dos programas preventivos “activa” “En familia tódxs contan” “entre tódxs” resultaron máis produtivos que nunca os grupos de whats app creados nos diferentes “comités” cara a que as novas informativas, a evolución da pandemia, os novos recursos e axudas, protocolos...chegara a tódxs; garantindo que a información e o consenso na toma de decisións fora real, coordinado e bidireccional...

ORDE de 13 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social, e se convocan para os anos 2018, 2019 y 2020 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020).

ORDE do 4 de maio de 2020 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social, e se convocan para os anos 2020, 2021 e 2022, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020.

PROGRAMA INTEGRAL “A PUNTO-TEIS” (Xullo 2019-xuño 2020)

INTRODUCCIÓN:

Este é un programa de inclusión social que asenta as intervencións nas propias forzas e recursos da comunidade, mellorando a súa organización, coordinandoos, optimizandoos e mobilizandoos, na medida do posible, na busca de alternativas viables de traballo, fomentando en moi diversos eidos (no convencemento de que a integración abrangue aspectos moi diversos) a implicación das persoas na rede (a traveso da coordinación e cooperación cos servizos sociais e outras entidades ou axentes sociais participantes) e facilitando, a través do establecemento de itinerarios - con titorización e seguimento- a incorporación social (ou mellor dito, nestes momentos de incertidume, reincorporación á vida social, educativa e laboral) das persoas en situación de desvantaxe e /ou exclusión, reducindo a súa vulnerabilidade.

A conxuntura actual, trala situación de emerxencia e o estado de alarma no que aínda estamos inmersos, é xa un feito a importancia que cobra a variable integradora do traballo e as disfuncións que se poden establecer nas relacións en redes familiares e de socialización. Estase a evidenciar un significativo aumento da vulnerabilidade, provocado fundamentalmente polo desemprego, ou ausencia del, e/ou a precarización do traballo (ademáis da desvinculación do sector máis xoven con respecto a súa formación/educación formal e/ou ocupacional¹).

Os condicionantes de idade, xénero, orixe/procedencia e recursos influirán directa e expoñencialmente neste proceso, e os/as mozas e mozos sufrirán en maior medida a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e situacións de desemprego, así coma un acusado déficit de acceso á información e participación social e de cidadanía (máis aínda logo de ter estado illados/as durante o periodo do estado de alarma).

DESTINATARIOS:

80 mozos e mozas de entre 16 e 26 anos en situación e/ou risco de exclusión, preferiblemente do barrio de Teis

A continuación apórtanse os datos detallados das e os participantes reais do programa, atendendo a desaclegación por sexo, situación de vulnerabilidade, estudos e situación laboral.

¹ *A fenda dixital veu a acusar as desigualdades que xa viñan existindo no sistema educativo, desvinculando ao alumnado máis vulnerable do proceso educativo-curricular e desmontivando cara a súa formación o que afonda, aínda máis se cabe, no illamento socioeducativo quedando, como resultado, excluídos da novo horizonte ocupacional online.*

- clasificación segundo sexo




Gráfico 1

- clasificación segundo idades e sexo




Gráfico 2

Clasificación segundo estudos e sexo.




Gráfico 3

- Clasificación segundo factores de vulnerabilidade e sexo.




Gráfico 4

- Clasificación segundo situación laboral e sexo.




Gráfico 5

VALORACIÓN

unha vez rematados os Itinerarios e avaliadas as actuacións, son diversos os aspectos claves a ter en conta:

- O principal factor a ter en conta é, a continuación na adaptación ás características persoais e socio-familiares das e dos participantes polo que se diferenciou a maneira na que se participaba no programa: Itinerario grupal (módulos

formativos e titorías de inserción socio-laboral), nos que a duración dos módulos foi de un mes, con titorías semanais e ca posterior continuación do itinerario de maneira individualizada; e o Itinerario individualizado (titorías de inserción socio-laboral), con duración determinada pola consecución dos obxectivos e na que se mantivo unha titorizaxe semanal continúa.

Aos módulos formativos acudiron aquelas persoas que tiñan dispoñibilidade para acudir aos mesmos e nas que se detectou (nas entrevistas iniciais) unha carencia en canto as habilidades sociais especialmente. Mentres que as persoas que acudiron ao itinerario individualizado tiñan cargas familiares que imposibilitaban a súa asistencia diaria, ou xa se percibía que tiñan habilidades sociais desenvoltas.

- As poucas experiencias laborais previas dunha parte importante dos/as participantes así como as diversas responsabilidades familiares de parte do alumnado, inciden tanto no interese xeral do grupo como na toma de conciencia da súa realidade. Oito das/os participantes nesta edición contaban con experiencias laborais previas, mais predominando a economía submerxida, e todas elas, porén, de curta duración. Os restantes participantes, con idades polo xeral máis baixas, centraban a súa busca no acceso ao primeiro emprego ou a completar a súa formación.

- A necesidade real dunha reflexión inicial, que as/os situase e as/os fixera conscientes da necesidade de adquirir e mellorar as habilidades sociais precisas para o acceso ao actual mercado de traballo (case inexistente) ou o seguimento de accións formativas.

- A necesidade de adaptar a metodoloxía aos novos tempos, nos que as novas tecnoloxías xogarán un papel fundamental. Como xa comprobamos no contexto actual, é necesario afondar no emprego e utilidade das TIC's como alternativa as actuacións presenciais, sendo conscientes obviamente da brecha dixital que sofren moitos/as destes/as rapaces/as, o que require un traballo previo ou centrado no fomento e uso destas ferramentas.

En liñas xerais, o programa evolucionou en dúas direccións parellas; por unha banda, os proxectos de inserción individualizados e por outra, o traballo grupal, dentro dos seus Itinerarios, que foi evolucionando axeitadamente chegando a acadar os obxectivos establecidos previamente no programa:

- Asunción e cumprimento de horarios e regularidade na asistencia, canto menos na primeira edición.

- Establecemento dun plan formativo-laboral que permitiu o aumento das perspectivas tanto formativas como laborais e principalmente como fonte de motivación.

Estas actuacións, supuxeron a reactivación, en moitos casos, cara ao mundo académico/formativo e a busca activa -real- de emprego de forma organizada e continua.

Como en edicións anteriores, o perfil dos/das destinatarios/as vaise modificando co paso do tempo polo que fixo preciso adaptar os contidos teórico-prácticos as demandas e realidades dos mozos e mozas.

Así, o adestramento en habilidades sociais céntrase en adquirir e mellorar as rutinas establecidas de modo xeral polo que é preciso incidir en algúns casos, establecer uns horarios normalizados, achegamento aos diferentes recursos, asumir responsabilidades, ser consciente da realidade en canto a necesidade de formación e de adaptación das expectativas sociolaborais á realidade e establecer as demandas de maneira continuada (BAE planificada e continuada...).

A combinación de todas estas cuestións posibilita a nivel grupal que se establezan e manteñan horarios, o traballo en equipo, vivenciar a realidade actual, etc... En

definitiva, acadar melloras e posibilitar cambios que propicien a inserción sociolaboral “real” nos diversos casos.

No tocante ao alumnado derivado hai que sinalar que se deron circunstancias particulares que marcaron o devir do programa. Ao longo de ambas edicións déronse baixas de participantes prematuras e altas en metade ou incluso ao final das edicións. Na primeira edición producíronse catro baixas: tres delas debido a escasa asistencia que estaba obtendo os participantes, chegando un deles a intentar retomar a participación máis adiante; mentres que outro dos participantes viuse na obriga de abandonar por mor dum problema persoal, pero neste caso o participante foi seleccionado de novo para participar na seguinte edición, a cal, rematou con maior éxito.

Tamén se produciu unha alta derivado dun dos dispositivos colaboradores, pero sen chegar a manter unha asistencia regular, abandonando ao pouco tempo ao incorporarse al mercado laboral.

Na segunda edición ademais, como xa se comentou anteriormente, ás dúas de semanas de comezar foi implantado o Estado de Alarma e confinamento polo que o programa viuse interrompido. Este factor obrigou a readaptar o programa, pasando a manter contacto semanal cos/as participantes a través de plataformas online que permitiron manter o traballo semanal, si ben é certo que afectou considerablemente na participación dos/as rapaces/as. Ao longo do Estado de Alarma, leváronse a cabo varias videochamadas grupais nas que se traballaron contidos relacionados co ámbito laboral e informático, chegando a contar en dúas ocasións coa participación nas videochamadas dun dos colaboradores habituais do programa, que traballa como orientador no Concello de Vigo, ademais de contar tamén coa participación dunha das profesoras de FP do IES A Guía, que facilitou información detallada sobre os cursos de formación profesional.

Unha vez rematado o Estado de Alarma retomouse a actividade presencial, retomando as titorías individuais, así como dúas clases en pequeno grupo nas que se impartiron os contidos que ficaran pendentes por ver.

Un dos aspectos a destacar nestas edicións son as incorporacións ao mundo laboral que se materializaron en dúas das participantes da segunda edición, acadando un emprego a finais de xuño, ademais de varios participantes tanto da primeira como da segunda edición que foron derivados/as cara programas formativos, nos que se mantivo un seguimento para asegurar o bo desenvolvemento nos mesmos.

En xeral, a experiencia adquirida fainos concluír que este tipo de programas e actuacións deben fundamentarse na atención individualizada, flexible e adaptada ás necesidades e demandas de cada un dos/as participantes, proporcionada paulatinamente na medida que se evidencia a evolución acadada.

A realidade que nos atopamos no perfil de mozos e mozas fainos crer que sería necesario seguir traballando a posteriori cos/as destinatarios/as dos Itinerarios para que logren acadar e manter os seus propios obxectivos tanto persoais, (nalgúns casos, recentemente definidos), como profesionais onde o nivel de esixencia requirido sexa paulatinamente máis elevado. Unha duración máis prolongada de proxectos deste tipo permitiría acadar mellores resultados e unha maior efectividade da acción, xa que tanto polas características do colectivo da xente moza como polas circunstancias sociofamiliares que rodean os/as participantes do A Punto Teis, hai certos aspectos que só son traballables a medio ou mesmo longo prazo cun acompañamento dos/as rapaces/as. A isto, súmase unha oferta formativa/laboral practicamente inexistente para algúns dos perfís cos que se traballa neste programa, debido tanto á súa idade como características persoais (destrezas, habilidades e

motivación), o que en moitas ocasións devólveos/as na finalización deste programa a situacións de vulnerabilidade moi similares ás do punto de partida, nas que o traballado durante o mesmo pode resultar insuficiente para superar a súa situación de exclusión.

Como aspectos positivos, destacar os bos resultados obtidos nun bo número dos mozos e mozas que participaron, onde se observou un maior desenvolvemento de habilidades sociais, a adquisición de pautas para realizar unha busca de emprego activo, e, en definitiva, a clarificación de obxectivos que lles permitirá seguir o camiño de cara á inserción social e laboral.

ALFABEIZACIÓN DE MULLERES ESTRANXEIRAS (Novembro 2019-novembro 2020)

INTRODUCCIÓN:

O programa, busca a inclusión das mulleres inmigrantes no barrio (2) a traveso da alfabetización e o aprendizaxe do castelán, (sen detrimento do coñecemento da lingua galega que nos é propia e que se está a utilizar nos procedementos administrativos), xa que se entende que a linguaxe é un piar fundamental para que as persoas cheguen a desenvolverse coma seres sociais, e o coñecemento do mesmo idioma é, polo tanto, o primeiro paso para calquera intento de inclusión.

Asemade, e, no convencemento de que a inclusión abrangue aspectos moi diversos pretendese traballar en rede para conseguir unha perfecta coordinación entre os e as profesionais implicados/as cara ao seguimento e titorización dun itinerario de aprendizaxe establecido para as mulleres que participen no programa.

ACTIVIDADES:

- Clases de alfabetización e coñecemento do idioma castelán por niveis.
- Dinámicas de comunicación e perspectiva de xénero.
- Dinámicas de coñecemento e valorización da lingua galega e outras linguas da cidade.
- Saldas de acompañamento e reforzo.
- Xuntanzas de coordinación e seguimento de itinerarios.
- Elaboración de fichas e adaptación de material didáctico.
- Atención ás/aos menores: O Programa de Alfabetización complementase, cara a atender o principio de conciliación, cun proxecto interxeracional e intercultural en colaboración co Centro de Día Atalia....

Obxectivos das actividades desde a perspectiva de xénero:

- Aumentar a autoconsciencia das mulleres participantes a condición de mulleres e migrantes.
- Reforzar as estratexias das mulleres para superar as problemáticas derivadas das nomeadas condicións e das súas situacións persoais. Dotalas de novas estratexias.
- Aumentar a cohesión grupal, o entendemento mutuo e a solidariedade entre as mulleres como colectivo.

2 Todo isto sen perder de vista a transversalidade, xa que esta proposta pretende a ensinanza do castelán/galego desde unha postura non sexista nin discriminatoria, é dicir, habilitando unha linguaxe igualitaria, tanto no material didáctico como nas interaccións e interrelacións persoais.

- Aumentar a súa autoestima e o empoderamento.
- Reforzar a súa aprendizaxe dos contidos impartidos nas aulas de alfabetización (especialmente, uso da lingua castelá). Traballar as competencias dixitais.
- Aumentar a empregabilidade das mulleres.

POBOACIÓN DESTINATARIA:

Mulleres de orixe estranxeira de entre 16 e 60 anos que residan, preferentemente no barrio de Teis.

PARTICIPANTES REAIS:




GRÁFICO 1

Nº de mulleres de orixe estranxeiro derivadas dos Servizos Sociais




GRÁFICO 2

Percepción das participantes sobre a súa mellora (puntuación do 1 -nada ao 5-moito)




GRÁFICO 3

Das 10 participantes do programa:




GRÁFICO 4

COORDINACIÓN, COOPERACIÓN E COMPLEMENTARIEDADE COS COLECTIVOS, SERVIZOS SOCIAIS PROFESIONAIS COLABORADORES/AS

Debido á dificultade que supuxo a COVID-19 para manter a seguridade nos espazos, a redución de aforos, a gran variedade de servizos traballando de modo telemático e respetando as diversas restricións non puideron organizarse todas as actividades externas desexadas, mais tentarán realizarse ao ritmo que se vaia recuperando a normalidade. Pese a isto tiveron lugar dúas actividades organizadas con dous servizos externos ao Plan Comunitario de Teis, sendo as seguintes.

- Xornada de orientación laboral e presentación da entidade do Servizo Estatal Público de Emprego (SEPE) de Sanxurxo Badía a cargo da orientadora laboral. asistiuse en grupos reducidos.
- Obradoiro sobre saúde e bo trato na vida das mulleres migrantes, a cargo da entidade Federación de Planificación Familiar Estatal (FPFE).

AVALIACIÓN PROVISIONAL

1. %POBOACIÓN XERAL IMPLICADA

Ao igual que o anterior apartado e como acontece con todas aquelas actividades que conlevan interacción social, esta viuse tamén afectada por situación sanitaria, especialmente no mes de novembro, onde vivenciamos meses duros de pandemia nos que tñíamos o aforo do espazo completo e non estaban permitidas as reunións presenciais entre non convivintes e as recomendacións sanitarias era evitar ao máximo o contacto social que puidera evitarse.

Por todo isto, nos seguintes meses de implementación buscarase revertir esta situación, dándolle unha maior relevancia a estas cuestións sobre as cales se reflexará o resultado na memoria final.

2. % POBOACIÓN DE ORIXE ESTRANXEIRA EN XERAL IMPLICADA

Ao igual que se expresa nos anteriores apartados non foi posible realizar actividades con outros colectivos de persoas de orixe estranxeira ou as familias das participantes, actividade que se retomará na seguinte implemetación do programa no curso 2021-2022.

En relación ás persoas implicadas no programa como se fai xa mención no primeiro apartado, durante todo o curso participaron activamente 9 mulleres, rematando cunha cifra total de 10.

3. COLECTIVOS, SERVIZOS SOCIAIS E PROFESIONAIS COLABORADORES

- Unidade de Traballo Social TEIS
- Unidade de Traballo Social TRAVESÍA DE VIGO
- TRABALLADORAS SOCIAIS DO SISTEMA SANITARIO
 - ÁLVARO CUNQUEIRO
 - CENTRO DE SAÚDE DE TEIS
- ENFERMEIRA DE PEDIATRÍA
- PROVIVIENDA (SERVIZO XURÍDICO)
- SEPE: Servizo Público de Emprego Estatal
- ORIENTADORA DO CENTRO EDUCATIVO IES TEIS
- FPFE: Federación de Planificación Familiar Estatal

4. GRAO DE IMPLICACIÓN DE USUARIAS E AXENTES SOCIAIS PARTICIPANTES

En relación a asistencia obtida, pódese concluír que a implicación das usuarias foi moi favorable, xa que as que comezaron dende un comezo asistiron a súa totalidade, véndose a asistencia reducida nas outras usuarias debido a dous factores principais: (1) comezar máis tarde a súa entrada e participación activa e directa nas sesións e (2)

falta de asistencia derivada de asistencia a actos ou celebracións de datas simbólicas e relixiosas para as usuarias ou enfermidade.

En relación á implicación de axentes sociais como se menciona en anteriores apartados debido á crise sanitaria e a necesidade de limitar as interaccións, así como debido ás restriccións vixentes en diversos meses, a participación das/os axentes sociais foi moi limitada; pese a iso, ambas as dúas actividades organizadas (SEPE e FPFE) as persoas coas que nos comunicamos mostraron gran interese, motivación e aceptación das propostas recibidas, podendo afirmar que na súa totalidade a implicación externa cando así se promoveu foi satisfactoria.

5. GRAO DE SATISFACCIÓN DE USUARIAS E AXENTES SOCIAIS PARTICIPANTES

Tras o análise das enquisas de satisfacción finais obtéñense as seguintes conclusións:

1. A valoración das participantes sobre se o curso respondeu ao que esperaban as puntuacións oscilan entre o 4 e o 5.
2. A valoración global do curso oscila entre o 4 e o 5, predominando o maior nivel de valoración o 5.
3. En relación a valoración de diversos eidos como os horarios, instalacións ou a execución da monitora, todas as puntuacións obtidas son favorables ou moi positivas, puntuando dúas participantes un 5 sobre todas as cuestións e obtendo os peores resultados cun 3 de regular dunha participante sobre instalacións e material entregado.
4. A comodidade no grupo foi valorada en todo momento entre as puntuacións 4 e 5, polo cal pode concluirse que se xerou un espazo cómodo, de convivencia e de cohesión, detectando que debe mellorarse para aquelas que marcaron un 4, non sentíndose totalmente satisfeitas e por este motivo non rexistran un 5.
5. En relación ás achegas para mellorar, na súa totalidade estas son:
 - a. Falar máis/moito diálogo III
 - b. Máis dictados
 - c. Máis horas II
 - d. Máis verbos para falar ben



**OBRA SOCIAL
“IA CAIXA”**

Convocatoria proxectos de Acción Social: Loita contra a pobreza infantil e a exclusión social 2019.

PROGRAMA “GUINDASTRES” (Agosto 2019-outubro 2020)

INTRODUCCIÓN:

“GUINDASTRES” Teis é un programa integral de intervención socieducativa con menores e familias para favorecer o éxito escolar e estimular o desexo de aprender e os valores que lles permitan crecer como seres sociais, responsables, solidarixs, tolerantes, capacitadx para a vida familiar e interrelacional, contribuíndo ao seu crecemento intelectual e socioafectivo.


A intervención xira ao redor de 4 áreas:

- **ÁREA 1:** Apoio escolar; adquisición de hábitos de estudo.
- **ÁREA 2 :** Apoio socioeducativo; realización de actividades (e/ou asesoramento) que lles permitan adquirir valores, actitudes e habilidades sociais.
- **ÁREA 3:** Xogos dirixidos; actividades lúdico-educativas en tempos de lecer.
- **ÁREA 4:** Integración nas actividades de lecer comunitarias.

PARTICIPACIÓN:

O programa está dirixido a menores entre 6 e 14 anos e ás súas familias.

No seguinte gráfico reflíctese a participación real de todxs os destinatarixs, directos e indirectos do programa.



O gráfico non reflicte, os e as figuras familiares que participaron activamente, polo que cabe destacar que foi un total de 75, incluíndo nais-pais- avós/as- tixs...que estiveron máis dispoñibles por mor das restricións de mobilidade-traballo que impuxo a Covid.

ACTIVIDADES REALIZADAS:

- ✓ Reunións periódicas de coordinación e seguimento con profesionais, familias, colectivos... Avaliación continua do programa e dxs usuarixs. A avaliación continua recolle a evolución do programa, a súa posible reformulación, retroalimentación e mellora continua, contando coas reunións. Documentarase o resultado en informes trimestrais.
- ✓ Consenso de normas de convivencia e conduta, valoración en grupo, dinámicas grupais de autoestima, autoconcepto, cooperación e igualdade. Facer partícipes a nenxs e as súas familias desde o comezo do programa, da importancia da súa opinión, traballando individualmente e en grupo, o establecemento consensuado de normas e límites. Debido ao perfil dos/ as nenos/ as, é fundamental a educación en valores, incidindo especialmente en actividades que reforcen a súa autoestima, autoconcepto e autocontrol. Coas familias traballarase a corresponsabilidade no avance dos seus fillxs e a importancia do cumprimento das normas que previamente aceptaron na ficha de inscrición.
- ✓ Reforzo escolar, actividades de adaptación curricular, motivación e reforzo positivo. Na atención individualizada de cada caso, acordar e elaborar material adaptado, así como outras medidas que favorezan a motivación, coa finalidade dun mellor rendemento escolar, persoal, familiar. Coa idea de motivar, cubrir necesidades, igualar e valorizar o traballo educativo a nivel escolar, entregarase o material básico necesario para realizar as tarefas escolares diarias. En caso de ser necesario, traballarase na adaptación de material, se o/a menor ten necesidades educativas especiais.
- ✓ Saídas programadas de reforzo positivo e participación en actividades lúdicas (veciñais e de recursos) de socialización. O ámbito non formal de actividades lúdico-educativas, supón unha contorna propicia de relación coas familias e xs menores, que, favorecen o coñecemento de situacións potencialmente de risco na contorna familiar e social do/a menor. O traballo paulatino na adquisición de habilidades sociais, para unha mellor relación cos seus iguais e con adultos/as, require abrirse a espazos menos controlados de actuación para seguir traballando en extrapolar os avances en pequeno e gran grupo. Abrirse á comunidade é un paso máis no adestramento das súas habilidades.
- ✓ Merenda saudable: Os hábitos de vida saudables, teñen unha presenza evidente no traballo de hábitos de hixiene, e alimentación. Para facer partícipes ás familias, nas normas que se tratan na reunión inicial do programa, trabállase a merenda saudable, xa que por horario das actividades, é unha das comidas diarias que podemos traballar. Dáse froita, iogures, ou bocadillos, como opción de merenda variada.

METODOLOXÍA E DESENVOLVEMENTO:

O proxecto desenvolveuse seguindo a formulación inicial nas distintas áreas de actuación:

A Covid- 19 esixiu adaptar algunhas das actuacións previstas sen abandonar o obxectivo para conseguir. O novo contexto obrigou a volver ás bases para reforzalas. A partir de aí valoráronse, non só as posibilidades económicas senón, e sobre todo, o capital social, cultural e simbólico que infuye no desenvolvemento das capacidades de

nenas/os, familias e comunidade educativa. O marco metodolóxico, a abordaxe transversal e a trama de relacións creada, proporcionou unha gran capacidade de adaptación aos diferentes escenarios familiares e socioeducativos polo que, activando algunhas medidas de acción positiva (habilidades instrumentais para o uso de tecnoloxías, reorganización do tempo, interacción relacional en remoto, cobertura de necesidades) conseguiu dar cobertura a todos e cada un dos obxectivos prioritarios. Se reformularon algunhas actividades para adaptalas á non presencialidade: reforzouse a coordinación/comunicación/conectividade de todes lles axentes para manter a integridade das intervencións e áreas de actuación; colaborouse no acceso e coñecemento do uso das tecnoloxías e das diferentes plataformas de aprendizaxe para garantir unha maior equidade educativa; apoiouse a niñes e familias na organización do tempo de lecer/realizar tarefas, usando todas as ferramentas dispoñibles (tfno. Whatsapp, RR. SS), ofrecendo feedback constante de logros/avances para manter a motivación, achegando estabilidade e apoio emocional; realizáronse vídeos participativos para facilitar espazos compartidos de interacción e manter a vinculación relacional; activouse a tramitación de axudas sociais garantindo a satisfacción de necesidades básicas/benestar familiar. Durante o proceso de implantación, o proxecto experimentou algún cambio, xa que a introdución de actividades saudables (baile, saúde comunitaria, medioambiente) implicou unha reorganización de tempos e usos de espazos para optimizar os recursos do barrio (utilización de equipamentos deportivos en centros educativos, parque, espazos ao aire libre) e poder compatibilizar as actuacións, sen que ningunha das intervencións vísesse comprometida.

As actuacións que se foron implementando, adaptábanse ás necesidades detectadas e resultaron idóneas para conseguir os obxectivos propostos. A fragmentación social provocada pola Covid, definiu un escenario onde as institucións fragmentáronse máis: ser canle de comunicación entre familias/escola/recursos, mitigou esa fragmentación; incrementouse a confianza mutua acompañando o proceso de crise, adaptando tempos e ferramentas dispoñibles, activando recursos sociais para familias con escasos ingresos.

A coordinación realizouse no marco do Plan de colaboración establecendo protocolos de actuación conxunta cxs profesionais de referencia, construíndo un espazo de apoio recíproco, logrando articular unha intervención inter e multidisciplinar que favorece procesos normalizadores de mellora para persoas en situación de especial vulnerabilidade. Esta coordinación soportou a falta de presencialidade durante o período de crise provocada pola Covid grazas á confianza creada previamente na rede comunitaria.

Ante as múltiples e complexas dificultades de menores/familia/escola/profesionais, traballouse para contribuír de maneira corresponsable a unha maior equidade socioeducativa/curricular e de colaboración coa contorna. Para manter a coordinación interna utilizáronse vídeo chamadas, e-mails, contactos telefónicos. Para manter e reforzar a coordinación externa realizouse unha valoración inicial dos recursos telemáticos dispoñibles en cada fogar para seguir as propostas didácticas do centro, publicadas semanalmente nas súas páxinas Web. Reforzouse a comunicación continua e coordinación cos departamentos de orientación, tutorías, profesorado dos programas de reforzo dos centros educativos para coñecer o grao de participación dos/as nenxs nas tarefas, así como as evidencias que se fixeron chegar ás e aos respectivxs titores (ver gráfico de participantes e profesionais, que da conta do incremento das interrelacións realizadas e a maior implicación das equipas do sistema educativo) profesionais. Colaborouse no uso de canles telemáticas para facilitar a comunicación co alumnado e actuouse coas familias a fin de promover unha

comunicación sistemática para manter o vínculo existente entre familia e centro educativo.

Para reconducir as actuacións foi imprescindible a comunicación contínua para intervir de maneira máis eficaz; a valoración de necesidades; o reforzo das intervencións individuais; o acompañamento a nenes/familias/escola en todo o periodo de crise.

O gráfico anterior, daba conta do aumento exponencial dxs profesionais implicados, e no seguinte gráfico pódese apreciar en cales dos recursos se amosou un aumento máis significativo:



CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS:

Obxectivo 1: Seguimento e coordinación

Cumpríronse as expectativas en canto ao resultado esperado: o 100% das familias, servizos, colectivos e profesionais de referencia participaron de maneira informada na evolución de lles niños; o 100% de lles axentes implicades e o 90% das familias expresaron un grao de satisfacción alto ou moi alto co programa.

Mesmo no complexo contexto da Covid, considérase o cumprimento do obxectivo, significando o fortalecemento na trama de relacións da rede comunitaria que se sustentou nos fortes vínculos establecidos con anterioridade con axentes esenciais (familias, C. educativos, C. saúde-enfermeiras comunitarias, Gabinetes Psicopedagógicos).


Obxectivo 2 : Fomentar a adquisición e desenvolvemento de habilidades sociais nos/ as menores e as súas familias (comunicación, relacións interpersoais ...) e **instrumentais** (de organización, resolución de problemas e toma de decisións ...) asociados co rendemento escolar, a vida cotiá (hábitos saudables) e as dinámicas familiares.

Obxectivo 3: Reforzar e estimular capacidades-potencialidades do/a menor favorecendo unha melloría no seu rendemento escolar e persoal. Ás persoas participantes melloraron a varios niveis:

Menores: en coñecemento e aceptación de normas e límites, hábitos de estudo, hábitos saudables, mellorando o seu rendemento escolar e a súa área afectiva e relacional.

Familias: implicándose na educación dxs súas fillxs; asumindo responsabilidades de coidado persoal e emocional; adestrando estratexias pacíficas de resolución de conflitos e contribuíndo a unha mellor estruturación das relacións familiares.

Obxectivo 4: Potenciar a integración e interacción de nenas-nenos e as súas familias na súa contorna (Barrio de Teis). O grao de cumprimento foi baixo, xa que os logros que se estaban alcanzando durante os primeiros meses, víronse paralizados pola intrusión do Covid, impedindo as interaccións que se pretendían, eixo principal deste obxectivo e imprescindibles para a integración real de niños e familias na súa contorna máis próxima.



MEDIDAS INNOVADORAS E DE MELLORA CONTINUA:

A metodoloxía comunitaria permitiu, ademais medidas innovadoras e reacción rápida ante a nova situación:

1. Valoración e cobertura de necesidades primarias e acceso ás tecnoloxías;
2. Establecer unha estratexia de comunicación personalizada que servise como ferramenta instrumental de consulta, orientación, información, supervisión, seguimento e apoio/acompañamento emocional durante o illamento. A comunicación adaptada entre entidade, menores, familias, escola, recursos foi idónea para a recepción, identificación, análise e transferencia de capacidades e solucións durante a COVID-19.
3. Fflexibilizar estruturas e promover un cambio de mentalidade:
 - 40% das escolas integran o programa no seu PEC
 - 10% novas equipipas directivas e 11 novxs profesorxs implicadxs
4. Mellorou aprendizaxes e competencias relacionais: o desenvolvemento de competencias básicas/transversais mellora a motivación para a aprendizaxe, hábitos de estudo ,avance curricular e competencial:
 - 30% manteñen currículo

- 70% mellóran o seu currículo
 - 60% promocionan
 - 75% seguiron vinculadas ao sistema Educativo durante o confinamento.
 - Ofertou apoio socioemocional:
 - 100% familias foron supervisadas-apoiadas conseguido diminuír as condutas disruptivas
5. Mellorou a identidade persoal dxs menores e minimizáronse as súas dificultades de relación/comunicación, mantendo a vinculación entre iguais (identidade social), reforzando aprendizaxe de normas básicas convivencia (O 75% familias/ nenxs participan en vídeos de interacción- na entidade/escola-).
6. Contribuíu a equidade social:
- 30% familias acceden a recursos sociais (necesidades básicas, computadores),
 - 75% mellora alfabetización informacional, aumentando o coñecemento e valoración de recursos
 - 30% nenxs/familias melloran a alfabetización dixital,

Finalmente, e coma aprendizaxes que quedarán incluídos como mellora, subliñar:

- A necesidade de valorar alternativas de intervención onde estea contemplado o uso de ferramentas e recursos tecnolóxicos que permitan desaprender roles tradicionais presenciais da intervención socioeducativa, polo que se debe realizar sempre, ao comezo de futuros proxectos, unha valoración sobre déficits na alfabetización dixital e/ou informacional para minimizar as posibles fendas existentes.
- A necesidade de elaborar protocolos de actuación en saúde comunitaria e con aqueles grupos de interese cos que aínda non se estableceron, co fin de fortalecer/previr á comunidade ante posibles riscos/continxencias sociosanitarias e socioeducativas futuras.